

# 20

# FOLGA XERAL

estudiantil

Outubro



## Que son as reválidas franquistas e como nos afectan?

Logo de catro anos de recortes sal-vaxes, o Partido Popular volve decla-rar a guerra á mocidade e ás familias traballadoras. Aproveitando os me-ses de verán, o goberno de Maria-no Rajoy aprobou por decreto, e ás agachadas, a maior agresión contra a educación pública en décadas: a en-trada en vigor das reválidas franquis-tas. O obxectivo é claro: expulsar ful-minantemente do sistema educativo a centos de miles de xóvenes de fa-milias humildes.

O decreto aprobado polo goberno en funcións do PP manda que as reválidas

se leven a cabo este curso 2016/17. As reválidas franquistas supoñen multipli-car a actual selectividade por tres, es-tablecendo así un triple filtro co que expulsará a centos de miles de xóve-nes de entre 15 e 17 anos.

- **Reválida de 4º da ESO.** Con-sistirá en 7 exames con contidos de 3º e 4º. Quen non a supere non pode-rá acceder ó Bacharelato e tampou-co obterá o título da ESO aínda que teña aprobadas todas as materias. É dicir, un estudante que suspenda esta reválida sairá ó mercado laboral sen titulación, e os seus esforzos durante catro anos aprobando todo non ser-virán para nada.

- **Reválida de 2º de Bachare-lato.** 8 exames sobre contidos de 1º e 2º que, de non ser aprobada, ne-

gará o título de Bacharelato. É dicir, que se sairá ó mercado laboral uni-camente coa titulación da ESO. De nada servirá aprobar todas as mate-rias de Bacharelato: se suspendes esta inxusta reválida, dous anos de esfor-zos tirados ó lixo.

- **Reválida de acceso á Univer-sidade.** Ademais de ter que aprobar a reválida de Bacharelato, a lei deixa aberta a posibilidade dunha terceira selectividade a cargo da universidade na que queiramos estudar e, como é previsible, de non ser aprobada pecha-ranos as portas das facultades

## REVÁLIDAS FRANQUISTAS NON

# REVÁLIDAS FRANQUISTAS NON

## Temos que derrotar este ataque brutal!

As reválidas non buscan a mellora da calidade educativa. Iso só é posible investindo en educación pública, en recursos humanos e materiais que garantan condicións dignas nos nosos centros, contratando profesorado, aumentando os desdobres, acabando coa masificación... Xusto o contrario do que fixo o PP recortando máis de 7.000 millóns de euros nestes anos, despedindo a 32.000 docentes, subindo brutalmente as taxas académicas ou eliminando as becas de libros e de comedor.

### Unha declaración de guerra contra a mocidade!

A ningún se lle escapa quen estará en peores condicións para superar estes exames: o estudantado de familias adiñeiradas, con acceso a clases particulares, academias e a todos os reforzos que necesiten para superar calquera dificultade, terán garantido o seu acceso ós estudos superiores a golpe de talonario. En cambio, a mocidade de familias traballadoras sufrimos a degradación dos nosos institutos, os recortes que pro-

vocaron auténticos estragos na educación pública, sufrimos que nos apiñen en clases de 40 estudantes e non temos posibilidade de pagarnos docentes particulares nin viaxes ó estranxeiro para aprender idiomas... A nós é a quen expulsarán do sistema educativo! Esa é a situación que se vivía fai décadas baixo a ditadura franquista e que tiveron que vivir as nosas nais, pais ou avós, cando só quen tiña diñeiro podía acceder a unha educación de calidade e ós estudos superiores. As nosas familias pelexaron para acabar con ese modelo elitista e agora non podemos permitir que se nos arrebate un dereito tan básico como o dereito ó estudo!

A LOMCE, o 3+2, os recortes e todas as medidas coas que o PP e os grandes empresarios atacaron á educación pública teñen un mesmo obxectivo. Non queren dedicar nin un céntimo de euro á educación das familias traballadoras. Os seus plans para nós non pasan por que nos formemos e podamos acceder á cultura e ós estudos superiores. Iso téñeno reservado para os seus fillos. Para a gran maioría preparan outra realidade moi distinta: a da precariedade laboral e a explotación máis descarada. Por iso nos queren sen formación. Para facernos máis vulnerables o día de mañá cando saiamos ó mercado laboral e que aceptemos os empregos precarios e os salarios de miseria porque non podemos aspirar a nada mellor, pois non temos estudos para outra cousa.

### O 26 de Outubro todo o mundo á folga!

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos á mocidade á rebelión, a baleirar as aulas de todos os Institutos o próximo día 26 de Outubro nunha gran folga que paralice a educación en todo o Estado e a encher as rúas en manifestacións masivas. Chamamos a todo o profesorado, nais e pais e ás súas organizacións a saír a loitar ombreiro con ombreiro co movemento estudantil, estendendo a folga a toda a comunidade educativa e que este sexa un primeiro gran paso nunha loita que debe manterse e ampliarse ata conseguir a retirada das reválidas e a derogación da LOMCE.

### Baleirar os institutos e encher as rúas! Xogámonos moito!

#### MANIFESTACIÓN 12h.

- |                                |                          |
|--------------------------------|--------------------------|
| ▶ FERROL:<br>Edificio da Xunta | ▶ COMPOSTELA:<br>Alameda |
| ▶ CORUÑA:<br>Praza da Palloza  | ▶ VIGO:<br>Praza América |